

## A C T A

Da sesión **extraordinaria** (en substitución da ordinaria de xaneiro), en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**30 de xaneiro de 2024**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e nove minutos do día trinta de xaneiro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D<sup>a</sup>. María Sandra Bastos Míguez (PP), D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez (PP), D<sup>a</sup>. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artíme (PP), D<sup>a</sup>. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D<sup>a</sup>. María Ortega Iñarrea (BNG), D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria (en substitución da ordinaria de xaneiro), do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste o deputado D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sr. Presidente.- Moi bo día a todas e a todos. Desculpade polo retraso, que tiven rolda de prensa, e me incorpooro, pois nos incorporamos nove minutos tarde. Ben, vamos a dar comezo entón a este Pleno extraordinario, que a previsión era, como correspondía, celebralo o venres pasado pero por un acordo ó que chegaron os grupos, ós cales pois quero agradecer esta boa disposición, se pospuso para hoxe martes día 30.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8119.- **ACTAS ANTERIORES**

Sr. Presidente.- E vamos a comezar, xa digo, polo primeiro punto da orde do día que é a aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións extraordinaria e ordinaria dos días 22 e 29 de decembro respectivamente. ¿Non sei se hai algo que obxectar ó respecto? Entón, procedemos á votación. ¿Votos a favor da aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións extraordinaria e ordinaria dos días 22 e 29 de decembro respectivamente? Queda aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións extraordinaria e ordinaria dos días 22 e 29 de decembro de 2023.

2.8120.- **RENUNCIA Ó CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL  
PRESENTADA POR CARLOS LÓPEZ FONT (EXPTE.  
2024002256)**

Sr. Presidente.- Segundo punto da orde do día. A renuncia ó cargo do Deputado Provincial presentada por Carlos López Font, renuncia que formulou en tempo e forma, bueno, non é algo no que proceda votación senón que, xa digo, é dar conta, pero quero, se o desexan os voceiros dos diversos grupos, tomar a palabra pois llela cedo. Ten a palabra o Voceiro do Partido Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Ola, moi bos días Sres. Deputados e Deputadas, simplemente en nome do Grupo Provincial do Partido Popular i do Presidente da Deputación, transmitirlle os nosos mellores deseños a D. Carlos López Font, con quen tivemos a oportunidade de convivir durante este tempo i durante o mandato pasado, moitos de nós, sempre dende a disputa lexitima, política, pero dende o máximo respecto persoal. Transmítanlle os nosos mellores éxitos persoais na nova oportunidade e responsabilidade que asumió e esperamos botalo de menos para ben. Gracias de parte de todos.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Ten a palabra D. César Mosquera.



Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Antes de nada unha aclaración, a este grupo pódelle agradecer que non montara lío polo cambio, pero non se nos consultou.

Sr. Presidente.- ¿Perdón?

Sr. Mosquera Lorenzo.- Pódelle agradecer que non montáramos lío polo cambio de data do Pleno pero non por aceptalo porque nin tan sequera se nos consultou.

Sr. Presidente.- Foi entón unha aceptación tácita.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Bueno, foi unha imposición tácita, foi imposición tácita, bueno, digo simplemente esa aclaración. E con respecto ó, vamos, ó fondo, eu sigo sin aclararme que demonio pasa cos, coas renuncias, coas dimisións. Nun sitio, aquí, teño vivido o convocar un pleno extraordinario para votalo, ahora parece que chega con notificalo, o outro día no concello de Pontevedra tivemos que votalo, aquí resulta que non se vota, ou se vota ou se deixa de votar, non sei si aquí non hai ningúén que sea congresista ou senador ou senadora, senón diríalle que intente aclaralo, que cambien a lei porque senón esto é un auténtico guirigay, pero damos por feito e non vamos a poñer problemas con eso. E con respecto a D. Carlos, permítanme que lle chame así, pois eu creo, tiven, digamos, a fortuna, de compartir con el oito anos largos aquí e tamén unha relación moi intensa porque, bueno, tiñamos que coordinar todo o goberno, reuniámonos todas as semanas, á parte das charlas ou reunións que podíamos ter por temas concretos, e polo tanto, pois podo dicir que a Deputación perde un capital humano e político inmenso, creo que é así, é así, ¿non?, todos estamos electos aquí e todos temos a nosa valía, pero bueno, hai xente que ten unha valía especial ou cando menos que sobe o nivel medio das aportacións que pode facer a esta institución e o seu funcionamento. Eu agardo que, que bueno, que no Parlamento Galego, se sae elixido, pois que tamén faga esas aportacións porque creo que a xente que, bueno, que ten demostrada a súa valía, pois é importante que actúe e que faga as súas aportacións para ben do funcionamento colectivo. Supoño, non está el, é unha pena que non estea, en todo caso supoño que nos veremos persoalmente e que teña todos os éxitos e que lle vaia o mellor posible.

Sr. Presidente.- Moi ben, grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra Dona Ana Laura, que aquí me sigue aparecendo Carlos López Font, sigue presente.



Sra. Iglesias González.- Grazas Presidente. É unha boa homenaxe que agora me toca falar áinda que aparece o nome do meu predecesor, de Carlos Font. A verdade é que principiar por agradecer as palabras tanto do Presidente como do Voceiro do Partido Popular e do Voceiro do BNG que, bueno, foron grandes coñecedores, grandes amigos de Carlos e, por suposto a nós como Partido Socialista, como Grupo Socialista da Deputación recoñecerlle o enorme traballo que fixo nesta casa por, sempre e para as veciñas e os veciños de Pontevedra, durante oito anos, primeiro como deputado no goberno e agora estes meses tamén na oposición, facendo unha gran labor, un gran traballo, sempre dende a cordialidade, dende o talante, dende o chegar a encontros e a verdade é que como non podería ser doutro xeito pois todas e todos os compañeiros do Grupo Socialista lle desexamos o mellor, sempre no personal e tamén no político, poucas persoas se merecen máis que Carlos estar nesa carreira á Xunta de Galicia, i sabemos que estaremos mui ben representadas i, xa que, bueno, pois estou intervindo eu, pois tamén no persoal, dicir tamén que o vou a estrañar moiísimo. Así que, nada, espero estar á altura do anterior Voceiro, de Carlos, y, bueno, pois desexarlle, como non podía ser doutro xeito o mellor dos éxitos. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Ben, grazas Ana Laura. Bueno, pois eu facer meus todas e cada unha das intervencións e, efectivamente, desexarlle as maiores das sortes a Carlos, sorte no persoal, e logo pois eu tamén destacaría unha cuestión moi importante, que é o feito que, sempre mantivo unha canle de comunicación aberta no plano institucional, i eso, pois xa digo, é de agradecer.

Dada conta do escrito presentado nesta Deputación con data 12 de xaneiro de 2024 (núm. de rexistro 2024000593) por Carlos López Font, Deputado Provincial polo Partido Socialista de Galicia–Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE) elixido en representación do Partido Xudicial de Vigo nas eleccións celebradas no ano 2023 renunciando ó cargo de Deputado Provincial.

Resultando que segundo certificación da Secretaria da Xunta Electoral de Zona de Vigo (rex. entrada WEB2023039782 de 23/06/2023) proclamouse Deputadas/os Provinciais suplentes polo Partido Xudicial de Vigo en representación do Partido dos Socialistas de Galicia–Partido Socialista Obrero Español a Juan Francisco Ferreira González, Bibiana Peixoto Iglesias e Rubén Rial Sánchez.



Considerando o disposto nos artigos 9,4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 73.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 208 da Lei Orgánica 5/1985, de 9 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, así como a Instrucción da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.

O Pleno toma coñecemento da renuncia ó cargo de Deputado Provincial presentada por Carlos López Font, remitindo certificación acreditativa do presente acordo á Xunta Electoral Central, con indicación de que a xuízo da Corporación Provincial e á vista da acta da Xunta Electoral de Zona de Vigo corresponde cubrir a citada vacante a Juan Francisco Ferreira González.

a) Parte resolutiva:

3.8121.- **ACEPTACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN  
REALIZADA POLO CONCELLO DE BAIONA PARA  
QUE A DEPUTACIÓN ASUMA A PRESTACIÓN DO  
SERVIZO DE VIXILANCIA E INSPECCIÓN EN  
MATERIA DE RESIDUOS MUNICIPAIS (EXPTES.  
2022008467 – 2024003233)**

Sr. Presidente.- Así que, sen máis, vamos entón a pasar á parte resolutiva do Pleno e é a do terceiro punto da orde do día, que é a aceptación da encomenda de xestión realizada polo Concello de Baiona para que a Deputación asuma a prestación do Servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos municipais. Vamos a proceder ás intervencións. Turno de palabra, ten D. César Mosquera, ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Bo día a todos e a todas. Ben, non podo deixar de comentar este asunto porque creo que ten unha transcendencia enorme, ¿non?. En primeiro lugar, felicitar ou agradecer ó Concello de Baiona que se sume a isto. O propio enunciado xa nos dá varias pistas do que está a pasar, é unha encomenda de xestión, o lóxico sería que fora unha delegación, non pode ser, habería que modificar a Lei de Administración Local de Galicia, que creo que se debería facer, porque senón crea unha serie de dificultades que se deberían obviar, pero á parte da fórmula, que repito, igual que se poden delegar a xestión dos impostos, que está delegada no ORAL, pois o normal é que tamén o



dos residuos fora así. Pero, indo ó fondo da cuestión hai, digamos, un problema, que os obxectivos en materia de residuos non os vai cumplir ningún concello que non teña unha inspección, ningún, non hai caso no mundo que teña sucedido así. Polo tanto, hai unha lei, hai unha directiva marco, europea, hai uns obxectivos a cumplir e vía impulso, vía voluntaria, vía, en fin, facilitarlle á xente facer, poñer sistemas de recollida, etc., etc., non se van cumplir os obxectivos, ou sexa, van vir as sancións, seguro, seguro, non hai caso, polo tanto non creo que aquí vaimos a conseguilo por moitas cousas que fagamos. E, a inspección que é unha obriga, é unha obriga legal dos concellos, outra causa sería discutir por que se fai unha lei e se di que non ten custes cando realmente os vai ter, pero bueno, sería, sería outra cuestión, pois, os concellos teñen serias dificultades para ter esa inspección, a policía local cando a hai pois ten outras funcións, é dicir, en fin, pode haber dificultades para que o faga e a inspección urbanística si existe tamén xa está limitada, e polo tanto, ter unha inspección específica e especializada en residuos creo que é absolutamente fundamental. Eu agardo que esta Deputación poida seguir con ese corpo de inspectores, que aumente incluso, e que os concellos se sumen porque senón non se vai a cumplir, repito, este é un instrumento que é unha obriga legal e que vai a cumplirse. Outra causa xa, que eu agora, en fin, a xestión non nos corresponde, outra causa é como vai funcionar esa inspección, que agardo que funcione ben, que se centre no que ten que centrarse e non persiga fantasmas, senón que sexa eficaz cumprindo, cumprindo cos, bueno, sobre todo cos grandes produtores, ¿non?, que son os que máis producen e os máis fáceis de controlar. Eu, simplemente quería facer esa, quería facer esta reflexión porque as sancións en materia de residuos van a vir, e non van a tardar moito, non van a tardar moito, de feito xa ten aberto un expediente a Unión Europea por incumplimento do Estado Español. A cadea xa está fixada, ou sexa, en principio o Estado, o Estado xa o delegou nas Comunidades Autónomas, e as Comunidades Autónomas, mediante a lei, creo que é a 6/2021 de Galicia, xa o delegou nos concellos, ou sea que as sancións van vir ós concellos. E, sen inspección sanción segura, con inspección agardo que non, sen inspección sanción segura porque é imposible que se vaian a cumplir os obxectivos.

Sr. Presidente.- Moi ben, grazas César. Vamos a proceder á votación deste terceiro punto da orde do día que é: Aceptación da encomenda de xestión realizada polo Concello de Baiona para que a Deputación asuma a prestación do Servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos municipais. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.



Primeiro. A nova normativa en materia de residuos (Lei 7/2022, do 8 de abril, de Residuos e solos contaminados para unha economía circular), supón un cambio substancial na tradicional visión que se tiña do tratamento dos residuos con importantes esixencias para os concellos.

Unha das más relevantes é a de acadar unha serie de obxectivos de separación e preparación para a reciclaxe de alta calidade, debendo para iso os concellos establecer a recollida separada de, polo menos, as seguintes fraccións de residuos de competencia local:

- a) O papel, os metais, o plástico e o vidro.
- b) Os biorresiduos de orixe doméstica antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto. Entenderase tamén como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclado en orixe mediante compostaxe doméstica ou comunitaria.
- c) Os residuos téxtiles antes do 31 de decembro de 2024.
- d) Os aceites de cociña usados antes do 31 de decembro de 2024.
- e) Os residuos domésticos perigosos antes do 31 de decembro de 2024, para garantir que non contaminen outros fluxos de residuos de competencia local.
- f) Os residuos voluminosos (residuos de mobles e aveños) antes do 31 de decembro de 2024.
- g) Outras fraccións de residuos determinadas regulamentariamente.

Sen prexuízo do que regulamentariamente se estableza en canto á porcentaxe máxima de improprios presente en cada unha das fraccións anteriores para a súa consideración como recollida separada, no caso dos biorresiduos a lei sinala que a porcentaxe máxima de improprios será do 20% desde 2022 e do 15% desde 2027, porcentaxe susceptible de minoración por orde ministerial.

A superación de devanditas porcentaxes de improprios e o incumprimento da obriga de establecemento de recollida separada para as fraccións de residuos mencionadas, terá o carácter de infracción administrativa grave sancionable polas Comunidades Autónomas (artigo 25.4, en relación co artigo 108.3.w da citada lei).



Para evitar posibles sancións as entidades locais deberán establecer mecanismos de control, mediante caracterizacións periódicas e redución de improprios para cada fluxo de recollida separada (artigo 25.4 da Lei 7/2022, do 8 de abril).

O artigo 12 da Lei 7/2022, do 8 de abril, establece que no ámbito das súas competencias corresponde ás entidades locais exercer a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora; e o artigo 106.6 do citado texto normativo dispón que os produtores de residuos domésticos e comerciais estarán suxeitos ás inspeccións por parte das entidades locais, aos efectos de comprobar o cumprimento do establecido nas respectivas ordenanzas e nesta lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, para o cal as autoridades competentes deberán dotarse dos medios humanos e materiais suficientes para dar cumprimento ás obrigas relativas á autorización, vixilancia, inspección, sanción e información (...).

Segundo. En relación co anterior, consciente da inxente carga de traballo que esas obrigas traerán consigo e da escaseza de medios materiais e de persoal municipal que poida asumila, a Deputación de Pontevedra está en disposición de crear un corpo de vixilancia, inspección e control en materia de residuos e assumir a xestión desta actividade, previa encomenda dos concellos articulada a través dun convenio de cooperación.

Para iso, o Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2022 (acordo nº 6.7877), aprobou o Convenio marco de cooperación entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos.

Nese mesmo acordo a Deputación aceptou as encomendas de xestión realizadas polas seguintes entidades locais: A Cañiza, A Guarda, As Neves, Barro, Meis, O Rosal, Salceda de Caselas, Silleda, Tomiño e a Mancomunidade de Concellos do Morrazo (Cangas, Bueu, Moaña).

Unha vez aceptadas e formalizadas as encomendas mediante a sinatura dos correspondentes convenios, estes publicáronse no Boletín Oficial da Provincia nº 241, de data 20 de decembro de 2022, conforme ao disposto no artigo 11.3.b) da Lei 40/2015.



Posteriormente o Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2023 (acordo nº 7.7967), aceptou as encomendas de xestión realizadas polos Concellos de Mondariz-Balneario e Gondomar que unha vez aceptadas e formalizadas mediante a sinatura dos correspondentes convenios, estes publicáronse no Boletín Oficial da Provincia nº 84, de data 3 de maio de 2023, conforme ao disposto no artigo 11.3.b) da Lei 40/2015.

Terceiro. O 13 de decembro de 2023, o Concello de Baiona remite o acordo plenario celebrado o 7 de decembro de 2023 a través do cal aproba o convenio de referencia e encomenda á Deputación de Pontevedra o servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos.

Cuarto. De acordo co estudo de custos que figura no expediente administrativo da súa razón, os gastos anuais asociados á posta en marcha do servizo para os 15 Concellos adheridos ao servizo ascenden a 455.142,18 euros, contemplándose inicialmente, e con carácter xeral, unha ratio dun/ha vixilante de residuos por cada 20.000 habitantes.

As funcións de vixilancia serán levadas a cabo polo persoal funcionario de carreira da Deputación Provincial de Pontevedra que superou o proceso selectivo convocado a tal efecto (reclasificación, concurso-oposición, promoción interna), xunto co persoal técnico da sección de residuos.

Conforme á cláusula quinta do convenio, para salvagardar a eficacia e a eficiencia na prestación do servizo, a cantidade económica que deben aboar os concellos axustarase ao baremo que resulte de multiplicar tres euros (3 €) polo número de habitantes do concello, cantidade que poderá ser obxecto de actualización no caso de incremento do custo do servizo e/ou de circunstancias excepcionais ou de forza maior que desvirtúen substancialmente o convenio e fagan inviables as súas previsións económico-financeiras.

Quinto. Tendo en conta que o convenio contempla unha serie de bonificacións de carácter xeral e específico, para o ano 2024 a achega correspondente ao Concello de Baiona será do 75% (27.915,75 €), importe que unido á aportación do 65% dos 12 concellos que se adheriron antes do 31 de xullo de 2022 (de 241.394,40€), e o 75% dos Concellos de Mondariz Balneario e Gondomar (de 35.428,50€), supón unha estimación de ingresos de 304.738,65€ que se imputarán ao concepto de ingresos 923.399.08



O importe restante (150.403,53€) ata a cobertura do custe estimado da encomenda será financiado pola Deputación de Pontevedra. Dito gasto imputarase ás aplicacións correspondentes ao centro xestor 923 (SAIM) do orzamento provincial. Segundo a estimación dos custes asociados á encomenda, o custe principal correspón dese con gastos de persoal, de xeito que a efectividade da encomenda queda condicionada á toma de posesión das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo de vixilantes de residuos (reclasificación, concurso-oposición, promoción interna), prazas previstas no orzamento provincial e na relación de postos de traballo do centro xestor SAIM para o exercicio 2024. O resto dos gastos previstos finanziarase con cargo ao crédito dispoñible nas aplicacións e vinculacións seguintes:

923.1623.204.00 Arrendamento de vehículos e 923.1623.221.03 Combustibles.

923.1623.221.04 Vestuario.

923.1623.227.06 e 923.1623.227.07 Traballos realizados por outras empresas (analíticas compost e caracterizacións).

923.1623.231.20 Locomoción.

923.1623.626.01 Equipamento informático.

923.1623.629.01 Menaxe, útiles e ferramentas.

Sexto. Esta iniciativa provincial enmárcase no ámbito competencial que a lexislación vixente en materia de réxime local lles encomenda ás deputacións, xa que segundo o disposto no artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, estas teñen a competencia propia de dar soporte aos concellos na tramitación de procedementos administrativos e na realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.

O artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, establece que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades de dereito público da mesma ou de distinta administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño; encomenda que non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da entidade encomendante ditar cantos actos ou



resoluciones de carácter jurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

Dito artigo contempla igualmente que cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de dereito público de distintas administracións, formalizarse mediante a sinatura do correspondente convenio que deberá publicarse, neste caso, no Boletín Oficial da Provincia.

Como corolario do anterior, o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, contemplan a posibilidade de que a Deputación subsciba convenios de cooperación cos concellos para a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, así como para garantir o acceso á poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

En aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (e da súa normativa de desenvolvemento (Instrucción do Tribunal de Contas-Resolución do 2 de decembro de 2016), remitirse ao Consello de Contas toda a documentación relativa a este convenio.

Visto o informe do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 12 de xaneiro de 2024 (CSV: W01OH4BJRU8R9BVX), que conta co conforme do Secretario Xeral.

Visto o informe favorable da Intervención Xeral, de data 12 de xaneiro de 2024 (CSV: CEKDILAHW4LS3DQI).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais adoptado na sesión celebrada o 19 de xaneiro de 2024.

Por todo o exposto e de conformidade co disposto no artigo 47.2.h) da LBRL, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aceitar a encomenda de xestión realizada polo Concello de Baiona para que a Deputación Provincial de Pontevedra asuma a prestación do Servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos, nos termos reflectidos no



Convenio marco de cooperación que regula esta encomenda aprobado polo Pleno provincial na sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2022 (acordo nº 6.7877).

Segundo. Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra, ou Deputado/a Provincial en quen delegue, para formalizar mediante a súa sinatura o convenio que regula dita encomenda de xestión e para a aprobación de cantos outros documentos garden relación coa mesma.

4.8122.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE FORCAREI DO TREITO INICIAL E DUN RAMAL DA EP-7203 SOUTELO-COVAS E DE DOUS TREITOS ANTIGOS DA EP-7001 A ESTRADA-FORCAREI (EXPTE. 2022033875)**

Sr. Presidente.- Cuarto punto da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Forcarei do treito inicial e dun ramal da EP-7203 Soutelo-Covas e de dous treitos antigos da EP-7001 A Estrada-Forcarei. Procedemos á votación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Antecedentes.

O Concello de Forcarei e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 23 de xuño de 2022 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, desde o p.q. 0+000 ata o p.q. 3+800 en Soutelo de Montes. Forcarei”.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello de Forcarei dos seguintes treitos de viarios provinciais:

- Treito antigo de 125 metros lineais situado no p.q. 17+000 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-7001 A Estrada-Forcarei.
- Treito antigo de 229 metros lineais situado no p.q. 17+100 (marxe dereita) da estrada provincial EP-7001 A Estrada-Forcarei.
- Treito da estrada provincial EP-7203 Soutelo-Covas, entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+380.



- Ramal da estrada provincial EP-7203 Soutelo–Covas, de acceso á Madalena, de 587 metros lineais, situado no p.q. 0+500 marxe esquerda.

O 15 de novembro de 2023 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Forcarei das anteditas vías.

Consideracións:

1<sup>a</sup> Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes veciñais en man común de Galicia (LMMC).G.
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2<sup>a</sup>. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial dos viais obxecto de transferencia en UN MILLÓN OITOCENTOS NOVENTA E TRES MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS

(1.893.292,00€) e motívanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“Os dous treitos antigos da EP-7001 A Estrada-Forcarei xa non forman parte do itinerario principal da estrada logo das melloras de trazado feitas, e, en consecuencia, non teñen as características propias dunha estrada provincial, senón de elementos funcionais das mesmas, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.



Por outra parte, o treito inicial da EP-7203 Soutelo–Covas, proposto para o cambio de titularidade, foi obxecto dunha profunda reforma e mellora da mobilidade peonil, logo que en execución do amentado proxecto levouse a cabo na parte inicial unha zona de convivencia peonil mediante plataforma única e único sentido de circulación. Do p.q. 0+047 ao 0+184 foi executada unha senda peonil de formigón coloreado de ancho mínimo 2,50 metros e carril único para a circulación dos vehículos e do p.q. 0+184 ao 0+380, senda das mesmas características e dobre sentido de circulación. Foron executados tamén dispositivos de calmado do tráfico, tales como redutores físicos de velocidade de vehículos (RFVV) e pasos de peóns sobrelevados (PPS). Finalmente, a actuación inclúe a renovación dos seguintes servizos urbanos: electricidade, telecomunicacións, alumeadío público con novas luminarias.

A nova disposición funcional e técnica do treito obxecto das obras e proposto para a transferencia, correspóndese na actualidade coa tipoloxía de viario interior urbano de titularidade municipal logo dos cambios feitos nos sentidos de circulación, das obras acometidas e da súa funcionalidade urbana de acceso ás vivendas, edificacións e predios lindeiros.

Por último, proponse a transferencia do ramal de acceso ao circuíto de velocidade da Madalena, este treito ou ramal que conta cunha beirarrúa e iluminación pública, está desvinculado fisicamente da traza principal da EP-7203 Soutelo–Covas, e ten como obxectivo funcional o acceso a este circuíto e aos predios, vivendas e edificacións lindeiras.

Polo tanto, os dous treitos antigos da EP-7001 A Estrada-Forcarei e os dous treitos da EP-7203 Soutelo–Covas xa non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do territorio propia do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

As propostas de cambio de titularidade destes treitos manteñen, á vez, o servizo público viario existente e as continuidades dos itinerarios dos que forman parte, logo que no caso dos treitos antigos o itinerario viario discorre pola traza principal, e no caso dos dous treitos da EP-7203 Soutelo–Covas, trátase do treito inicial e dun ramal ou apéndice desvinculado á traza principal, polo que se dá cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Forcarei poderá garantir un mellor mantemento e explotación destes treitos de carácter e funcionalidade municipal, así como para levar un control máis directo sobre os mesmos para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Forcarei de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.”

**3<sup>a</sup> Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.**

Os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa



administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuita de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspónelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuita a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Estes informes foron emitidos favorablemente en datas 19 de decembro de 2023 e de 3 de xaneiro de 2024 respectivamente.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade o Pleno acorda por unanimidade:



Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Forcarei do treito inicial e dun ramal da EP-7203 Soutelo–Covas e de dous treitos antigos da EP-7001 A Estrada–Forcarei.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao concello.

5.8123.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A QUE PALÍE AS SUBAS DAS PEAXES NA AP-9 E AP-53 (EXPTE. 2024002454)**

Sr. Presidente.- Quinto punto da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Central a que palíe as subas das peaxes na AP-9 e AP-53. Ten a palabra o Voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben. Volvendo ó debate, como todo o mundo sabe, a estrada de titularidade estatal máis coñecida como a AP-9, xestionada baixo a modalidade de concesión con peaxe a usuario, constitúe unha das principais vías de comunicación viarias da nosa provincia. Conectando a Pontevedra e Vigo, conectándonos co norte de Portugal e conectándonos tamén co norte de Galicia. Vertebra o 60% da nosa poboación. A intensidade media de tráfico supera os 22.000 vehículos día e alcanza tráficos de máis de 60.000 vehículos día nos tramos entre Vigo e Pontevedra. É un eixe vertebrador que percorre polo tanto toda a xeografía galega de norte a sur. Co inicio do ano 2024 confirmouse unha vez máis unha nova suba das peaxes na autoestrada estatal AP9 que acada o 6,55% nin máis nin menos. Ademais a esta suba das peaxes na AP9 súmase a tamén efectuada na AP53, que chega ó aumento do 5,07% nas tarifas do treito entre Santiago de Compostela e Lalín. Estas subas das peaxes redundan ademais no agravio comparativo que vimos sendo obxecto os galegos con respecto ó resto das autoestradas de competencia da administración central en moitas partes do territorio do Estado. Posto que a tendencia noutros sitios é eliminar ou rebaixar as peaxes, todo o contrario do que se está a aplicar en Galicia. O goberno do PSOE vén de subir máis que nunca as peaxes das autoestradas sendo agora das más caras de España, é un feito incomparable. Polo tanto, a autopista



do atlántico que é a AP9 e a AP53, que nestes momentos de crise deberían verse beneficiadas das medidas que se lle aplicaron a outros territorios de España, veñen a ser nun contexto económico tan complicado, as que máis se incrementan neste ano nas titularidades das estradas estatais. Estas autoestradas continuarán estando entre as más caras do país, lastrando a situación económica das familias e a competitividade de Galicia. Pola contra, fronte a esta política de acción do Goberno Central a Xunta conxelou por segundo ano consecutivo as peaxes das dúas autoestradas autonómicas, que son A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona, que seguirán a ser así as más baratas de España. Dende a Deputación temos que traballar na defensa dos intereses dos nosos veciños, tamén dos galegos e das galegas, dando a batalla para lograr unha AP9 galega assumindo a súa titularidade dunha vez por todas i que está recollido nun acordo polas Cortes Xerais e o Parlamento de Galicia. Tamén coa reivindicación ante o goberno para a liberación da peaxe da AP53, de forma que se iguale o percorrido Santiago-Lalín co treito Lalín-Ourense, que a Xunta sigue a manter gratuíto. Unha cousa son os anuncios, a propaganda e as palabras e outra cousa moito máis poderosa son os feitos. E os galegos sabemos distinguir, sabemos que cando o 1 de xaneiro collemos a AP9 pagamos un 6,55% máis que en decembro, e un 5,07% no caso da AP53. Iso é así digan o que digan o Partido Socialista e tamén o BNG nas súas pancartas. I os galegos tamén sabemos que cando collemos agora a autoestrada autonómica dende A Coruña a Carballo ou dende Vigo a Baiona pagamos exactamente o mesmo do que pagabamos a 31 de decembro. E continúanxe aplicando as bonificacións vixentes, por recorrenza, en horario nocturno e para as familias numerosas. En conclusión as peaxes das autoestradas autonómicas volven a estar conxeladas por segundo ano consecutivo, porque a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, tomou a decisión política de evitarles ós galegos o impacto do IPC e vai destinar 5,5 millóns de euros a subvencionar as tarifas. Pola contra, o Goberno de España, podendo facer o mesmo e podendo tomar unha decisión política decidiu non facelo aprobando unhas subas, como dicía antes, do 6,55% e do 5,07% para a AP53 i para a AP9. Por iso, dende a Deputación, dende esta Corporación, debemos manifestarnos e por iso o Grupo Provincial do Partido Popular quere que esta Corporación exprese o seu rexeitamento para a medida de subir as peaxes á AP9 e á AP53, que está afectando directamente ós petos das familias e á competitividade das nosas empresas e do noso territorio. Ademais esixirles dunha vez por todas ao Goberno Central os correspondentes avances na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada AP9 con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes para a súa axeitada xestión.



Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Cubela. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Vamos a votar a favor da moción sen entrar no seu tufillo electoralista nin certas críticas que se fan a esta forza política cando creo que foi a única que estivo sempre nunha posición coherente, ¿non?. Por outro lado, pois topámonos con prorrrogas, con, vamos, con esquemas de actuación que cambian segundo teñan o goberno en Madrid ou non o teñan. O certo é que subir subiron todas porque os contratos que hai da explotación suben, a única diferencia é si o erario público, que somos todos os ciudadáns os que pagamos esa subida, caso dos da Xunta, ou se son os usuarios os que pagan, que non é certo que non suban, suben todas, primeira cuestión. E segunda cuestión, que o que hai que seguir peleando, en principio hai uns compromisos, que agardemos que se cumpran, de rebaixar vía bonificación, ou sexa, vía impostos, vamos, o uso tanto da AP9 como da AP53 como de outras. De todas maneiras o da AP9 grazas ou por desgracia desa prorroga que se lle dou de 25 anos, que foi o PP, non foron outros quen lla deron, pois sigue sendo algo que está sangrando, que sigue sangrando e que agardemos que deixe de sangrar canto antes, porque sangra como ainxustiza comparativa con outros lados, sangra os bolsillos de todos os que a teñen que usar, e sangra como certo desleixe do Estado cara as infraestruturas de Galiza. Xa digo, vamos votar a favor en coherencia co que estamos defendendo dende hai moitos anos.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra Dona Ana Laura.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidente. Moi bo día a todas e a todos. Sr. Cubela, a verdade é que nos ten un pouco sorprendidos a este Grupo Socialista. Non vaia a ser que haxa unha errata no rexistro da Moción e se trabucara vostede á hora de escribila, porque ó mellor a escribiu ás catro da mañá, que é un pouco a hora que convoca vostede os seus plenos últimamente. Así que, aclárenos, ¿o título da moción non debería ser “Moción do Partido Popular para agradecer ó Goberno Central que teña paliado cunha bonificación de ata o 75% as subas das peaxes da AP9 e da AP53” que seguimos pagando grazas á prorroga ata o ano 2048 do Partido Popular? Porque eu creo que é público e notorio que hai un acordo político para que as bonificacións polo uso das autoestradas estatais en Galicia cheguen ata o 75% das viaxes de ida e volta. Creo que tamén hai unha vontade de seguir avanzando neste camiño ata chegar á bonificación total do 100%. Mire, esta mesma moción xa a trouxeron vostedes en



novembro do ano 2022, e parece ser que esta non vai a ser a última, porque seguirán presentándaos mentres estean vostedes na oposición no Goberno do Estado. Porque cando gobernan no Estado as peaxes non lle preocupan absolutamente nada e cando pasan á oposición practican este filibusterismo político que tanto lles gusta esixindo que se rebaixe aquilo que vostedes mesmos subiron. O Partido Popular é o partido da privatización da AP9, o Partido Popular é o partido da prórroga da AP9 ata o ano 2048 e o Partido Popular é o partido da suba das peaxes gracias ás modificacións concesionais nos tempos de Ana Pastor. Mire, nós vimos aquí a facer política en clave provincial e en base ás competencias da Deputación, para defender a esta provincia e especialmente ós seus concellos, por iso lle presentamos esta emenda de engádega para que a Deputación faga o que ten que facer que é traballar por esta provincia, por eso a reclamamos, que a Deputación de Pontevedra copie o que está a facer a Deputación da Coruña, para abandeirar a reclamación a Audasa do 100% da reclamación do IBI para os concellos polos que pasan os trazados da AP9 e da AP53, iso si que é un debate útil e non esta moción electoralista que nos traen vostedes hoxe aquí a este Pleno. Mire, se o PP quere beneficiar ás persoas usuarias das autoestradas estatais na nosa provincia ¿saben o que ten que facer?, votar a favor dos Orzamentos Xerais do Estado, porque vostedes, que votaron en contra destes orzamentos, é precisamente onde veñen as partidas que financian as bonificacións da AP9 e da AP53, unha bonificación, unha partida de 83 millóns de euros para que a bonificación chegue ata o 75%. Así que a pregunta é bastante clara, ¿van vostedes votar a favor destes orzamentos que bonifican as peaxes para que se poidan beneficiar as veciñas e os veciños da nosa provincia? Pois moito me temo que a resposta vai a ser non, e claro, chegados a este punto ó mellor cómpre que fagamos un pouquiño de historia, miren, o Partido Popular foi quen privatizou a Empresa Nacional de Autopistas que era a propietaria maioritaria de Audasa noutro claro exemplo de capitalismo de amiguetes. O Partido Popular prorrogou a concesión da AP9 ata o ano 48, co Sr. Aznar na Presidencia do goberno. Se hoxe hai cabinas de peaxe é grazas ó Partido Popular. O actual goberno de Pedro Sánchez rescata todas as autoestradas que rematan o seu prazo concesional, e así o tería feito coa AP9 de non terles vostedes concedido unha nova prórroga, unha nova vida ata o ano 2048, por certo, prórroga que ata está sendo investigada na Unión Europea. Foi a Sra. Ana Pastor e os seus antecesores quen asinaron unha parte moi substancial dos contratos que foron modificando a concesión orixinal para dar cobertura xurídica ás subas anuais das tarifas de Audasa, mesmo porriba do IPC e compensala así de sucesivos investimentos, daqueles polvos estes lodos. Así que,



de verdade, non sei como teñen a desvergoña de traer esta moción a este Pleno da Deputación, se tiveran un mínimo de sentido común non presentarían esta moción que a retratan como o que son. Señoras e señores do Partido Popular, miren, este tipo de política é de tan baixo nivel, esta dereita tan desnortada que vostede representa si que é realmente unha peaxe que a sociedade ten que pagar, áinda que non sexa en euros si que en paciencia. Moitas gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Ana Laura. Ten a palabra o Voceiro, de novo, do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Agora. Ben, agradecemos ó Voceiro do BNG o seu voto favorable non entrando en máis debates nin confrontacións, i a verdade sorprendidos estamos polo que acaba de pedirnos a Voceira do Partido Socialista, que é que votemos a favor dos Orzamentos Xerais do Estado, cando non hai nin proxecto de Orzamento nin tramitación ningunha. Home, que nos pida ó Partido Popular que votemos a favor debe significar que están moi escasos de votos ou que lle saen moi caros dende Waterloo, ¿non?, pero cando vaian traendo a Napoleón en vuelo chárter co Falcón non se preocupe que seguro que os vai a pór moi fácil que lle voten todos esos grupos a favor dos Orzamentos. Non vai ser o Partido Popular quen colabore con vostedes á destrucción do Estado Constitucional. Mire, vamos a ver, eu xa sabía que vostede iba a utilizar ese argumentario neste Pleno, son moi previsibles, xa o foron naquel Pleno extraordinario que pediu o Partido Popular e o volven a facer hoxe, debe ser que son os mesmos os que lles preparan os discursos. Pero a realidade disto é esta, os medios de comunicación valoran e din que esta é a decisión que “consuma la segunda mayor subida de los peajes de la AP9 en lo que va de siglo”, siglo XXI ¡eh!, non siglo XX se quere que falemos de Aznar. ¿E sabe a que é debido isto? A este Real Decreto, a este Real Decreto que foi publicado un mes antes das eleccións xerais do 20 de novembro do ano 11, onde o Ministro de Fomento cuxo Presidente do Goberno era José Luis Rodríguez Zapatero, aproba un Real Decreto onde se, pois se consuma o choio para Audasa, foi cun Goberno do Partido Socialista, non foi do Partido Popular. En consecuencia a este Real Decreto do ano 11, que firma o Ministro José Blanco, non Ana Pastor, ¡eh!, José Blanco, implicaba financiar as obras relacionadas con todas as ampliacións da AP9 que se fixeron despois a coste do usuario, a coste do servizo, a coste dos paganinis, dos veciños, dos cidadáns, dos autónomos, das empresas, que teñen que atravesar Galicia e conectararse con Portugal e co norte para poder efectuar o seu traslado de mercadoría ós principais centros de traballo. E polo tanto, hai que



saber que foi un goberno do Partido Socialista quen compensou a Audasa con case 1.500 millóns de euros, 1.500 millóns de euros a 20 anos, por facer unha ampliación na que solamente se efectuaron 230 millóns de euros de investimentos. Esa subida púxose en marcha por primeira vez o 1 de xaneiro de 2020, non foi con Rajoy nin con Ana Pastor, foi con Pedro Sánchez, gobernando Sánchez i sen parar de subir dende entón, foi, en resumo, Sra. Iglesias, un goberno socialista o que acordou a financiación, foi outro goberno socialista o que autorizou as subidas e un goberno socialista o que acaba de autorizar un dos maiores atracos, incrementos de tarifas da historia das concesións de autoestradas no Estado. I polo tanto estes son os feitos, vostedes hoxe puidéronse posicionar aquí con Galicia i cos galegos, incluso facerlle un favor ó seu candidato, o Sr. Besteiro, volven unha vez máis a demostrar que son o abanico de Pedro Sánchez e do Partido Socialista en Madrid.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Ten a palabra Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidente.

Sr. Presidente.- Perdón, perdón, pensei que, perdoná. ¿Cesáreo?, ten a palabra o Voceiro do Bloque Nacionalista César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, para dicir só que me sinto transportado a un debate do Congreso ou algo así. Aquí estase discutindo de política xeral, quen fixo o Decreto, que non o fixo, quen non está no goberno, quen non está na oposición, sumamente interesante, non sei si para un Pleno da Deputación, pero bueno, sumamente interesante debe ser.

Sr. Presidente.- Grazas. Agora si ten a palabra Dona Ana Laura.

Sr. Iglesias González.- Moitas gracias Presidente. Miren, unha afirmación, sei que lles vai doer, pero esta é a realidade, fixo máis Pedro Sánchez por amortecer as peaxes da AP9 e da AP53 que Mariano Rajoy, Ana Pastor, Núñez Feijóo, Alfonso Rueda e José María Aznar xuntos, os feitos están aí, bonificacións históricas de ata o 75% e pronto de ata o 100%. E iso que tanto falan vostedes das bonificacións da Xunta, pero si son incomparables en todos os sentidos ás que está facendo o Goberno de España. Mire, en primeiro lugar, porque as do Estado son universais e aplícanse a todas as usuarias e usuarios con dispositivo telemático, mentres que as da Xunta dependen de se esa persoa beneficiaria e



familia numerosa ou non, é que sona a chiste pero é así. E xa que falaba vostede dos autónomos e demais, mire, un condutor de Vimianzo con familia numerosa ten un desconto superior na autoestrada do Val Miñor que un autónomo de Baiona, Nigrán, Vigo ou Gondomar. ¿Que dirían vostedes se as bonificacións da AP9 foran deste estilo?, pero vamos a comparalas, non hai ningún problema. Miren, o Estado bonifica a AP9 e a AP53 con ata un 75% dos usuarios recorrentes, a Xunta de Galicia cun 25%; o Estado bonifica as viaxes todos os días á semana, a Xunta só bonifica nos días laborables, nas fins de semana e nos festivos toca pagar; o Estado bonifica a todos os usuarios o mesmo 75%, o importe beneficiado da Xunta só se é familia numerosa; as bonificacións estatais cobren as viaxes das 24 horas do día, as da Xunta únicamente se son nocturnas, e claro, aí está tamén nos orzamentos, a Xunta de Galicia consigna 5 millóns de euros para bonificacións e o Goberno do Estado 83 millóns de euros. Pero miren, por moito que lles doa foi Ana Pastor, sendo a Presidenta do Congreso dos Deputados, quen bloqueou o debate sobre a transferencia da AP9 a Galicia, alegando que sería ilegal por tratarse dunha vía de comunicación internacional, ¡na miña vida!, por moito que lles doa a AP53 é de pago entre Santiago e Lalín grazas a vostedes, porque vostedes así o decidiron cando se fixo ese tramo. Esa mesma autoestrada é gratuíta dende Lalín ata o límite con Ourense gracias ó goberno de Emilio Pérez Touriño, que sendo Presidente da Xunta prolongou o entramado estatal cun tramo autonómico no que non hai cabinas de peaxe. Por moito que lles doa a AP53 se incorpora este ano ó esquema de bonificacións grazas ó goberno de Pedro Sánchez cunhas bonificacións equivalentes á da AP9 do 75%; por moito que lles doa a gratuidade do tramo Vigo-Redondela, que tanto prometeu Ana Pastor e o seu sucesor Fernández de la Serna, foi en realidade gracias a un goberno presidido por Pedro Sánchez. Así que, estamos ante vostedes, o Partido Popular, o partido das peaxes, o partido da propaganda e o partido da privatización. Hai máis de 8 millóns de viaxes gratuitos no ano na AP59 grazas á bonificación que o goberno do Estado co goberno de Pedro Sánchez implementou fai un par de anos. Así que, esto é claro, posiciónense vostedes, aínda que bueno xa o acaban de facer, acaban de dicir que cando veñan as bonificacións nos Orzamentos Xerais do Estado vanlle votar en contra, vanlle votar en contra que as veciñas e veciños de Pontevedra teñan bonificación do 75%, vanlle votar en contra a estas rebaixas e a estas subidas das peaxes que temos e que padecemos por culpa dos gobernos de Aznar e por culpa de Ana Pastor que era naquel momento Ministra de Fomento. Digan se van a posicionarse claramente a favor ou en contra ...



Sr. Presidente.- Vaia rematando, por favor.

Sra. Iglesias González.- ... das veciñas e veciños de Pontevedra. Moitas gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Ana Laura. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Sra. Iglesias, sen acritude e con todo o respecto, de lectura está moi ben, o que pasa é que aquí vimos a falar de futuro; i o presente, para poder falar de futuro, coa cadea de feitos é o seguinte: as Cortes Xerais votaron a transferencia da AP9 a Galicia, á Comunidade Autónoma, para que se faga cargo da xestión da súa titularidade i en definitiva no sucesivo de todas as xestións necesarias para a súa conservación. Pero miren, ¿saben por que traemos esta moción? Esta moción non a traemos nin para falar do Sr. Aznar nin do Sr. Felipe González, traémola porque neste día, deste mes, deste ano, o Goberno de España está encabezado por un goberno que é socialista e que vén de subir por segunda vez en menos de cinco anos a maior porcentaxe de subida de toda a serie histórica da ampliación da AP9. Polo tanto, hai dúas decisións políticas que se podían ter tomado, tamén sobre todo dos grupos que os apoiaron, como o Bloque, na investidura. Primeiro, a decisión política de que o Estado, ¿vale?, poida a través dos Orzamentos Xerais do Estado liquidar, liquidar a concesión que se fixo deses 1.500 millóns de euros, para pagar nada máis que o que fixo Audasa, que foron 230 millóns de euros. Audasa adianta os cartos para que se puideran facer esas ampliacións, decretadas no BOE un mes antes, un mes antes, eso si é electoralismo e non traer esta moción, firmado polo Ministro José Blanco, para que Audasa se fixera cargo a coste dos paganinis das ampliacións sucesivas que se fixeron na AP9. Mire, vaia e reúnase no Deza cos empresarios i cos sectores económicos do Deza i pregúntelles ¿que é o que ten que facer o Estado?, o que está pedindo o Partido Popular. Reúnase coas Cámaras de Comercio, reúnase coas Asociacións de Empresarios, coas asociacións de autónomos y pregúntelles que é o que ten que facer o Estado, o que hoxe está pedindo o Partido Popular; ¿por que?, porque se está retraendo no tempo moiísimo, a transferencia da AP9, a Galicia, non vaia a ser que pasen as eleccións autonómicas i tomemos a decisión en función do que pase. Así gobernan vostedes, os socialistas, sempre, deixando a Galicia para a última, i nós estamos aquí dende a Deputación porque a Deputación representa ós concellos da provincia, tamén ós intereses da provincia e dos galegos ...



Sr. Presidente.- Vaia rematando.

Sr. Cubela López.- ... con esta moción na que lles, eu volvería a invitar, que voten a favor, sobre todo por ser representantes dos cidadáns que vostedes están aquí executando nestes momentos.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Creo que hai unha emenda. Ten a palabra.

Sra. Iglesias González.- Grazas Presidente. Nada, comentarles que lles fixemos entrega tamén antes de empezar o Pleno dunha emenda de adición na que propoñemos catro puntos, que se poidan añadir ós propostos polo Grupo Popular, que son: valorar como un avance socieconómico para Galicia e esta provincia o actual esquema de bonificacións na AP9 e na AP53, que cubre ata o 75% das vías e ida e volta para as persoas usuarias recorrentes; solicitarlle ó goberno de España que continúe ampliando o esquema de bonificacións ata alcanzar o 100% tanto na AP9 como na AP53; solicitarlle ó goberno da Xunta que aplique un esquema de bonificacións idéntico ó estatal na AG57, Vigo-Baiona, e na Coruña-Carballo, na AG55, para que todas as persoas usuarias poidan beneficiarse dos mesmos descontos que nas autoestradas de competencia estatal; e solicitarlle ó goberno da Deputación que ó igual que ten anunciado a Deputación da Coruña se poña a disposición dos concellos polos que discorre o trazado da AP9 para reclamarlle a Audasa o 100% do imposto de bens inmobles ó ter finalizado o período de bonificacións previsto na lexislación estatal de 1972, facelo xa de oficio con aqueles concellos que teñan delegada a recadación do IBI e ofrecerse no seu caso ó rescate. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas Ana Laura. Ten a palabra o Voceiro do Partido Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Non incorporamos a emenda.

Sr. Presidente.- Procedemos entón á votación deste quinto punto da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Central a que palíe as subas das peaxes na AP9 e na AP53. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións?. Queda aprobado por un número de 18 votos a favor.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Régime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor



do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar ao Goberno Central a que palíe as subas das peaxes na AP-9 e AP-53.

Dita Moción é como segue:

“Moción do Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra para instar ao governo central a que palíe as subas das peaxes na AP-9 e AP-53, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a seguinte proposta que trae a súa causa na seguinte:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-9 é unha infraestrutura básica e vital de dinamización económica e social da nosa Comunidade Autónoma. É un eixe vertebrador que percorre a xeografía galega de norte a sur, na súa franxa atlántica, na que se concentra arredor do 60 por cento da poboación, e que conecta 5 das grandes cidades galegas: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

Lamentablemente, co inicio do ano 2024, confirmouse unha vez máis unha nova suba das peaxes na autoestrada estatal AP-9, que acada o 6,55%.

A esta suba das peaxes na AP-9 súmase a tamén efectuada na AP-53, que chega ao aumento do 5,07% nas tarifas do treito entre Santiago de Compostela e Lalín.

Esta suba das peaxes redonda no agravio comparativo do que vimos sendo obxecto os galegos con respecto ao resto das autoestradas de competencia da administración central, posto que a tendencia é eliminar ou rebaixar as peaxes, todo o contrario do que se está a aplicar en Galicia.

O Goberno do PSOE e Sumar, apoiado polo BNG, vén de subir máis que nunca as peaxes das autoestradas sendo agora das más caras de España: a Autopista do Atlántico (AP-9) e a AP-53. Algo inexplicable nestes tempos de crise e de suba nas economías dos nosos cidadáns.

Non se pode entender que o Goberno central, nun contexto económico tan complicado, volve incrementar un ano máis ánda as peaxes nas dúas autoestradas de titularidade estatal en Galicia.



Continúa o agravio dos galegos con relación ás autoestradas estatais na comunidade, que continuarán estando entre as más caras do país, lastrando a situación económica das familias e a competitividade de Galicia.

Pola contra, fronte a esta política de acción do Goberno central, a Xunta conxelou por segundo ano consecutivo as peaxes das dúas autoestradas autonómicas, A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona, que seguirán a ser así as más baratas de España.

Dende a Deputación temos que traballar na defensa dos intereses dos galegos e das galegas, dando a batalla para lograr unha AP-9 galega, asumindo a súa titularidade, dunha vez por todas.

Tamén coa reivindicación ante o Goberno para a liberación da peaxe da AP-53, de forma que se iguale o percorrido Santiago-Lalín co treito Lalín-Ourense que a Xunta mantén gratuito.

Unha cousa son os anuncios, a propaganda e as palabras e outra cousa, moito más poderosa, son os feitos. E os galegos sabemos distinguir.

Os galegos sabemos que cando o 1 de xaneiro collemos a AP-9 pagamos un 6,55% máis que en decembro e un 5,07% no caso da AP-53. Iso é así diga o que diga o Partido Socialista e diga o que diga o BNG nas súas pancartas.

E os galegos tamén sabemos que cando collemos agora a autoestrada autonómica A Coruña-Carballo ou a de Vigo-Baiona pagamos exactamente o mesmo que o que pagabamos o 31 de decembro. E continúanxe aplicando as bonificacións vixentes: por recurrencia, en horario nocturno e para as familias numerosas.

En conclusión, as peaxes das autoestradas autonómicas volven estar conxeladas por segundo ano consecutivo porque a Xunta tomou a decisión política de evitarles aos galegos o impacto do IPC e vai destinar 5,5 M€ a subvencionar as tarifas.

E o Goberno de España, podendo facer o mesmo e podendo tomar a mesma decisión política, decidiu non facelo e aprobou unha suba de tarifas do 6,55% para a AP-9 e do 5,07% para a AP-53 que está en vigor desde o 1 de xaneiro.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:



## PROPOSTA DE ACORDO

- 1.- Expressar o rexemento desta corporación provincial contra a suba de peaxes do Goberno central que afecta directamente nos petos das familias e na competitividade das nosas empresas e do noso territorio.
- 2.- Esixirlle ao Goberno de España os correspondentes avances na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada AP-9 con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión.
- 3.- Solicitarlle ao Goberno de España a liberación da peaxe da AP-53 -que une Santiago e Dozón- para igualala coa autoestrada autonómica que chega a Ourense.”

### b) Parte de información e control:

6.8124.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEORES CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO DE 2023 (EXPTES. 2024002236 – 2024001528)**

Sr. Presidente.- Sexto punto da orde do día. Dar conta do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de decembro de 2023.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de decembro de 2023, asinado conjuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 11 de xaneiro de 2024, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán fazer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido



no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de decembro de 2023 que se expón a continuación:

### PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DECEMBRO 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Decembro	7,9708005893	5.322.363,23	5,0528651477	1.643.050,55	<b>7,2824975561</b>
Escola de Enfermería	Decembro	12,8292652855	6.975,09	0,0000000000	0,00	<b>12,8292652855</b>
Consorcio de Incendios e Salvamento	Decembro	14,1490058675	112.752,07	0,0000000000	0,00	<b>14,1490058675</b>
Consorcio Deza Tabeirós	Decembro	7,8038476200	29.716,03	0,0000000000	0,00	<b>7,8038476200</b>
<b>TOTAL</b>			<b>5.471.806,42</b>		<b>1.643.050,55</b>	<b>7,3989292268</b>

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumple co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Régime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de decembro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial



contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de decembro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

7.8125.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DURANTE O 4º TRIMESTRE DE 2023 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNIS COMERCIAIS (EXPTES. 2024002238 – 2024001763)**

Sr. Presidente.- Séptimo punto da orde do día. Dar conta do informe de Intervención sobre o cumprimento durante o 4º trimestre de 2023 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

A Intervención con data 15 de xaneiro de 2024, elaborou un informe asinado polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría e pola Viceinterventora, dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e o Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o cuarto trimestre do 2023, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que



as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais.

Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 4º trimestre de 2023, que se expón a continuación:

#### INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2023

1. Con referencia á data de conformidade da factura:

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	7	3.913	16.083.337,41 €	19	44.515,62 €
Escola de Enfermería	14	11	12.029,33 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	16	166	238.088,80 €	19	11.986,91 €
Consorcio Deza e Tabeirós	8	91	43.335,65 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	8	198	1.504.059,90 €	3	8.132,43 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	0	0	0,00 €	0	0,00 €



2. Intereses de demora pagados:

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consorcio Provincial	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base ós cálculos detallados neste informe podemos concluír que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, durante o cuarto trimestre de 2023, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comerciais.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o cuarto trimestre de 2023.

8.8126.- **DAR CONTA DO INFORME E MEMORANDO DEFINITIVO CORRESPONDENTE COA AUDITORÍA DE CONTAS DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA, EXERCICIO 2022 (EXPTES. 2024002239 – 2023040309)**

Sr. Presidente.- Punto número 8 da orde do día. Dar conta do informe e memorando definitivo correspondente coa auditoría de contas da Escola Universitaria de Enfermería do exercicio 2022.



A sociedade de auditoría Netadia Europa, S.L.P., (CIF- B-91857870) en virtude do contrato subscrito coa Deputación de Pontevedra, efectuou o traballo de auditoría da conta xeral da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra, que comprende o balance a 31 de decembro de 2022, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

A Intervención Provincial elaborou o informe sobre a base do traballo realizado pola sociedade de auditoría Netadia Europa, S.L.P., sendo o contido do informe definitivo de auditoría da conta xeral anual do exercicio 2022 da Escola Universitaria de Enfermería asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 30 de outubro de 2023, o seguinte:

**“INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA DE LA CUENTA GENERAL EMITIDO POR LA INTERVENCION PROVINCIAL DE LA DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

A los miembros del Pleno de la Diputación de Pontevedra y al Patronato de la Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra, por encargo de la Intervención Provincial de la Diputación de Pontevedra.

Denegación de opinión.

La Intervención Provincial de la Diputación de Pontevedra, en uso de las competencias que le atribuye el artículo 29.3 del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local, es el órgano competente para auditar la cuenta general de la Escuela Universitaria de Enfermería de Pontevedra (en adelante la Escuela o la Entidad), que comprende el balance a 31 de diciembre de 2022, la cuenta de resultado económico-patrimonial, el estado de cambios en el patrimonio neto, el estado de liquidación del presupuesto y la memoria correspondiente al ejercicio anual terminado en dicha fecha.

No expresamos una opinión sobre la cuenta general de la Escuela adjunta. Debido al efecto muy significativo de las cuestiones descritas en la sección Fundamento de la denegación de opinión de nuestro informe, no hemos podido obtener evidencia de auditoría que proporcione una base suficiente y adecuada para expresar una opinión de auditoría sobre esta cuenta general.



#### Fundamento de la denegación de opinión.

La Entidad no dispone de un registro del inmovilizado material que detalle la composición de los activos no corrientes en una base individualizada, distinguiendo el coste, la actualización, si la hubiera, así como la amortización acumulada de cada elemento. Tampoco dispone de la documentación soporte histórica que podría servir de base para la confección y comprobación de dicho registro, así como para evidenciar la titularidad de los activos materiales correspondientes. En consecuencia, no hemos podido obtener evidencia adecuada, los valores de coste y de amortización acumulada que se registran bajo el epígrafe de “Inmovilizado material”, en el balance al 31 de diciembre de 2022.

La entidad no nos ha facilitado documentación soporte adecuada para dar validez a un importe de 427.041,92 euros, recogido dentro del epígrafe “Patrimonio”, hecho que origina una limitación al alcance.

Como resultado de estos hechos, no hemos podido determinar los ajustes que podrían haber sido necesarios en relación con el inmovilizado y el patrimonio registrados, o no registrados, ni en relación con los elementos integrantes de la cuenta de pérdidas y ganancias, del estado de cambios en el patrimonio neto y del estado de flujos de efectivo.

#### Aspectos más relevantes de la auditoría.

Los aspectos más relevantes de la auditoría son aquellos que, según nuestro juicio profesional, han sido considerados como los riesgos de incorrección material más significativos en nuestra auditoría de las cuentas anuales del periodo actual. Estos riesgos han sido tratados en el contexto de nuestra auditoría de las cuentas anuales en su conjunto, y en la formación de nuestra opinión sobre éstas, y no expresamos una opinión por separado sobre esos riesgos.

Excepto por la cuestión descrita en la sección de Fundamento de la denegación de opinión, hemos determinado que no existen otros riesgos más significativos considerados en la auditoría que se deban comunicar en nuestro informe.

#### Otras cuestiones.

##### Colaboración en la auditoría de auditores privados

La sociedad de auditoría Netadia Europa, S.L.P., en virtud del contrato suscrito con la Diputación Provincial de Pontevedra, ha efectuado el trabajo de auditoría referido en el apartado primero. En dicho trabajo se ha aplicado por parte de la Intervención Provincial la Norma Técnica de relación con auditores en el ámbito del Sector Público aprobada por Resolución de la IGAE de fecha 30 de diciembre de 2020.

La Intervención Provincial ha elaborado el presente informe sobre la base del trabajo realizado por la sociedad de auditoría Netadia Europa, S.L.P.

#### Responsabilidad de los miembros del Patronato en relación con la cuenta general.

Los miembros del Patronato son responsables de presentar la cuenta general adjunta, de forma que exprese la imagen fiel del patrimonio, de la situación financiera y de los resultados de la



entidad, de conformidad con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad en España, y del control interno que consideren necesario para permitir la preparación de cuenta general libres de incorrección material, debida a fraude o error.

En la preparación de la cuenta general, los miembros del patronato son responsables de la valoración de la capacidad de la entidad para continuar como empresa en funcionamiento, revelando, según corresponda, las cuestiones relacionadas con la empresa en funcionamiento y utilizando el principio contable de empresa en funcionamiento excepto si los miembros del Patronato tienen la intención o la obligación legal de liquidar la entidad o de cesar sus operaciones o bien no exista otra alternativa realista.

Responsabilidades del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales.

Nuestra responsabilidad es la realización de la auditoría de la cuenta general de la entidad de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas para el Sector Público vigente en España y la emisión de un informe de auditoría. Sin embargo, debido a la significatividad de las cuestiones descritas en la sección Fundamento de la denegación de opinión de nuestro informe, no hemos podido obtener evidencia de auditoría que proporcione una base suficiente y adecuada para expresar una opinión de auditoría sobre esta cuenta general.

Somos independientes de la entidad de conformidad con los requerimientos de ética, y protección de la independencia, que son aplicables a nuestra auditoría de la cuenta general para el Sector Público en España, según lo exigido por la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas de dicho Sector Público.

O contido do memorándum definitivo de conclusións asinado polo socio auditor da empresa auditora, Netadia Europa, S.L.P., D. José Manuel Vaquero Gómez, con data 19 de outubro de 2023, é o seguinte:

## MEMORÁNDUM DE CONCLUSIONES OBTENIDAS DE LA EJECUCIÓN DE LOS TRABAJOS DE AUDITORÍA DE LA CUENTA GENERAL DEL EJERCICIO 2022

A la Intervención Provincial de la Diputación de Pontevedra:

### 1. Introducción

A continuación presentamos la memoria con la propuesta de conclusiones y la propuesta de informe resultado de nuestra colaboración en la auditoría de la cuenta general del ejercicio 2022 de la Escola Universitaria de Enfermería (en adelante la Escola o la Entidad) de acuerdo con lo establecido en el Pliego de Prescripciones Técnicas que rigió la contratación y en línea con la Resolución de la Intervención General de la Administración del Estado por la que se aprueba la Norma Técnica de Relación con Auditores en el ámbito del Sector Público de fecha 30 de diciembre del 2020.



Nuestra colaboración en la auditoría de la cuenta general del ejercicio 2022, tiene como objetivos:

- La formación de una opinión sobre la cuenta general de la Escola, correspondiente al ejercicio 2022, representa, en todos los aspectos significativos la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera, de los resultados de la entidad y de la ejecución del presupuesto, de acuerdo con las normas y principios contables y presupuestarios que les son de aplicación y contienen la información necesaria para su interpretación y comprensión idónea.
- La elaboración de una memoria con la propuesta de conclusiones en el que se mencionen los hechos y circunstancias relevantes resultado de la auditoría, con la propuesta de conclusiones que, a nuestro juicio, deberían figurar en el informe de auditoría de la cuenta general.
- La propuesta de informe que deberá ajustarse en cuanto a estructura y contenido a los términos previstos en las NIA-ERES-SP.

En este memorándum de conclusiones, se pone de manifiesto el trabajo realizado por la firma Netadia Europa, S.L.P., siendo las principales conclusiones obtenidas las que se relacionan en el apartado 3 de este informe.

## 2. Objetivos y alcance del trabajo

Hemos llevado a cabo la colaboración para la ejecución de los trabajos de auditoría de la cuenta general de la Escola Universitaria de Enfermería, correspondiente al ejercicio terminado el 31 de diciembre de 2022 de conformidad con lo establecido al efecto en las normas Internacionales de Auditoría adaptadas al Sector Público Español (NIAS-ES-SP), aprobadas, en fecha 25 de octubre de 2019, por la Intervención General de la Administración del Estado (BOE, 5 de noviembre de 2019).

## 3. Estados financieros incluidos en la cuenta general

A estos efectos y para una mayor comprensión de los aspectos relevantes señalados en este memorándum, extractamos a continuación, el balance y la cuenta de pérdidas y ganancias integradas en la cuenta general objeto de la auditoría.



<b>ACTIVO</b>	<b>31/12/2022</b>	<b>31/12/2021</b>	<b>Variación</b>
<b>ACTIVO NO CORRIENTE</b>	<b>52.957,09</b>	<b>62.603,74</b>	<b>(9.646,65)</b>
Inmovilizado material	52.957,09	62.603,74	(9.646,65)
<b>ACTIVO CORRENTE</b>	<b>474.641,52</b>	<b>433.212,89</b>	<b>41.428,63</b>
Deudores y otras cuentas a cobrar	2.092,45	-	2.092,45
Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	472.549,07	433.212,89	39.336,18
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>527.598,61</b>	<b>495.816,63</b>	<b>31.781,98</b>
<b>PATRIMONIO Y PASIVO</b>	<b>31/12/2022</b>	<b>31/12/2021</b>	<b>Variación</b>
<b>PATRIMONIO NETO</b>	<b>509.158,35</b>	<b>475.182,23</b>	<b>33.976,12</b>
Patrimonio	475.182,23	400.456,50	74.725,73
Patrimonio generado en el ejercicio	33.976,12	74.725,73	(40.749,61)
<b>PASIVO CORRIENTE</b>	<b>18.440,26</b>	<b>20.634,40</b>	<b>(2.194,14)</b>
Deudas a corto plazo	140,00	140,00	-
Acreedores y otras cuentas a pagar	18.300,26	20.494,40	(2.194,14)
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO</b>	<b>527.598,61</b>	<b>495.816,63</b>	<b>31.781,98</b>
	-	-	
<b>CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS</b>	<b>31/12/2022</b>	<b>31/12/2021</b>	<b>Variación</b>
Ingresos tributarios y urbanísticos	129.825,61	135.096,12	(5.270,51)
Transferencias y subvenciones recibidas	465.374,97	456.740,00	8.634,97
<b>A) TOTAL INGRESOS DE GESTIÓN ORDINARIA</b>	<b>595.200,58</b>	<b>591.836,12</b>	<b>3.364,46</b>
Gastos de personal	(505.998,44)	(469.928,21)	(36.070,23)
Otros gastos de gestión ordinaria	(45.579,37)	(37.236,62)	(8.342,75)
Amortización inmovilizado	(9.646,65)	(9.945,56)	298,91
<b>B) TOTAL GASTOS DE GESTIÓN ORDINARIA</b>	<b>(561.224,46)</b>	<b>(517.110,39)</b>	<b>(44.114,07)</b>
<b>Resultado de la gestión ordinaria</b>	<b>33.976,12</b>	<b>74.725,73</b>	<b>(40.749,61)</b>
Ingresos financieros	-	-	-
<b>Resultado neto del ejercicio</b>	<b>33.976,12</b>	<b>74.725,73</b>	<b>(40.749,61)</b>



De forma previa al análisis de los estados financieros anteriores, nuestra firma ha elaborado un plan de auditoría que contenía, entre otros aspectos, la determinación de la materialidad a efectos de planificación, de ejecución del trabajo y de emisión del informe, basada en las magnitudes financieras del ejercicio a auditar y del riesgo determinado en base al conocimiento de la Entidad. Además, se ha determinado en dicho documento el error tolerable por cada una de las áreas y agrupaciones de los estados financieros.

De este modo la materialidad global para el ejercicio a auditar a efectos de informe quedó fijada para el ejercicio 2022 en 3.956,99 euros.

A efectos de ejecución del trabajo la cifra de materialidad quedó corregida en 2.769,89 euros.

#### 4. Principales conclusiones por áreas de trabajo

##### 4.1 Ingresos y gastos

	Presupuesto definitivo (1)	Derechos y obligaciones reconocidos netos (2)	Resultado de ejercicio (3)	Diferencia 1 (3-1)	Diferencia 2 (2-3)
Ingresos de gestión ordinaria	125.000,00	129.825,61	129.825,61	4.825,61	-
Transferencias y subvenciones recibidas	462.031,00	462.031,00	462.031,00	-	-
Otros ingresos	61.297,06	3.343,97	3.343,97	(57.953,09)	-
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>648.328,06</b>	<b>595.200,58</b>	<b>595.200,58</b>	<b>(53.127,48)</b>	<b>-</b>
Gastos de personal	(525.532,00)	(505.998,44)	(505.998,44)	19.533,56	-
Otros gastos de gestión	(122.796,06)	(45.579,37)	(55.226,02)	67.570,04	9.646,65
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>(648.328,06)</b>	<b>(551.577,81)</b>	<b>(561.224,46)</b>	<b>87.103,60</b>	<b>9.646,65</b>
<b>RESULTADO</b>	<b>-</b>	<b>43.622,77</b>	<b>33.976,12</b>	<b>33.976,12</b>	<b>9.646,65</b>

La diferencia existente entre el resultado presupuestado, 43.622,77 euros, y el resultado contable, 33.976,12 euros, es de -9.945,56 euros, que se corresponde con la dotación a la amortización del inmovilizado (gasto de naturaleza económico – patrimonial, pero no presupuestario).

Señalar que, las partidas más significativas se corresponden con los epígrafes “Ingresos de gestión ordinaria” por importe de 129.825,61 euros, y “Transferencias y subvenciones recibidas” por importe de 462.031,00 euros.

El epígrafe “Transferencias y subvenciones recibidas”, está formado por las subvenciones concedidas por la Diputación de Pontevedra, cuyo objeto es cubrir los gastos necesarios en el desarrollo de su actividad dando cumplimiento a sus fines estatutarios. Al cierre del ejercicio no



hay subvenciones pendientes de cobro. No se han detectado incidencias en el análisis de las transferencias y subvenciones recibidas en el ejercicio. Hemos podido comprobar que los ingresos están adecuadamente soportados y cobrados en su totalidad.

El epígrafe “Ingresos de gestión ordinaria” está compuesto, principalmente, por tasas de matrículas o por derechos de examen de los alumnos de la escuela y por las aportaciones recibidas de la Universidad de Vigo para la compensación de las becas ofertadas. Del análisis de este tipo de ingreso se desprende que la Entidad no periodifica, conforme al devengo del curso escolar, los ingresos recibidos por las matrículas de los alumnos y la aportación de la Universidad. Esta incidencia no modifica la opinión de auditoría. Recomendamos que, por lo menos a cierre del ejercicio, se realicen las periodificaciones de ingreso correspondientes atendiendo al devengo del curso escolar.

Respecto a los gastos, como podemos observar en la tabla anterior, el importe más significativo se corresponde con los gastos de personal, los cuales suponen un 90% sobre el total de gastos del ejercicio. Dicho gasto se ha incrementado en un 6% respecto al ejercicio 2021 debido, principalmente, al aumento del personal fijo entre un año y otro. No hemos detectado incidencias significativas del análisis realizado sobre el gasto de personal.

Bajo el epígrafe “Otros gastos de gestión” se registran, principalmente, los gastos por la limpieza, mantenimiento y seguridad de la Escuela con el proveedor Eulen, S.A.

El trabajo realizado sobre estos gastos ha consistido en una revisión analítica y la comprobación de la documentación soporte de las principales partidas que componen el saldo a cierre del ejercicio (contratos, facturas y pagos). Del análisis de estos gastos no se ha evidenciado incidencias significativas que destacar.

En cuanto a “Otros ingresos” se observa una desviación entre los ingresos presupuestados y derechos reconocidos de -57.953,09 euros. En este importe se incluyen 52.883,06 euros correspondientes con Remanente de Tesorería; al tratarse de un ingreso correspondiente con ahorros generados en ejercicios anteriores su incorporación al presupuesto no genera derechos reconocidos, lo que explica la mayor parte de la desviación referida.

#### 4.2 Inmovilizado material

	31/12/2021	% sobre activo	31/12/2022	% sobre activo	Variación	% Variación
Terrenos y construcciones	40.731,74	8,22%	39.091,54	7,41%	(1.640,20)	-4,03%
Instalaciones técnicas y otro inmovilizado	21.872,00	4,41%	13.865,55	2,63%	(8.006,45)	-36,61%
	<b>62.603,74</b>	<b>12,63%</b>	<b>52.957,09</b>	<b>10,04%</b>	<b>(9.646,65)</b>	<b>-15,41%</b>

Como podemos observar el inmovilizado material de la Entidad representa a cierre del ejercicio 2021 un 13% (13% al cierre del ejercicio 2021) del activo, siendo ésta la segunda



magnitud más significativa del activo. El único movimiento del inmovilizado se corresponde la amortización del ejercicio.

Para dar validez al importe de inmovilizado material, se ha solicitado a la Entidad el inventario de inmovilizado, con el objetivo de analizar una muestra de elementos y poder verificar su correcto registro, valoración y propiedad, entre otros.

Según manifestaciones de la propia Entidad nunca se ha elaborado un inventario de los elementos de inmovilizado que se poseen, ni se posee la documentación soporte histórica que pudiera servir como base para la confección de este registro.

En este sentido, no hemos podido obtener evidencia adecuada sobre los valores de coste y amortización acumulada que se registran bajo este epígrafe al 31 de diciembre de 2022. Este hecho tiene incidencia en la opinión del informe de auditoría.

Recomendamos a la Entidad que elabore un inventario de inmovilizado que detalle la composición de los activos en una base individualizada por elementos, distinguiendo el coste, la actualización, si la hubiera, así como la amortización acumulada de cada elemento.

#### 4.3 Efectivo y otros activos líquidos equivalentes

	31/12/2021	% sobre activo	31/12/2022	% sobre activo	Variación	% Variación
Tesorería	433.212,89	87,37%	472.549,07	89,57%	39.336,18	9,08%

Como podemos apreciar en la tabla, la tesorería de la Entidad es la magnitud más importante del activo al 31 de diciembre de 2022 y 2021, representando un 90% sobre el activo total en 2022 y un 87% en 2021.

Se ha procedido a circularizar a la única entidad bancaria con la que opera, Abanca, con el objetivo de obtener la conformidad o no de los saldos que la Entidad mantiene en su balance, tanto sean de activo como de pasivo.

En este sentido, no se han detectado incidencias en el análisis de éste área.

#### 4.4 Patrimonio neto

	31/12/2021	% sobre activo	31/12/2022	% sobre activo	Variación	% Variación
Patrimonio	400.456,50	80,77%	475.182,23	90,07%	74.725,73	18,66%
Patrimonio generado en el ejercicio	74.725,73	15,07%	33.976,12	6,44%	(40.749,61)	-54,53%
	<b>475.182,23</b>	<b>95,84%</b>	<b>509.158,35</b>	<b>96,50%</b>	<b>33.976,12</b>	<b>7,15%</b>



Bajo el epígrafe de patrimonio neto del pasivo de la Entidad se registran los resultados acumulados desde la constitución de la Escuela. El único movimiento registrado en el ejercicio se corresponde con la distribución del patrimonio/resultado generado en el ejercicio 2021.

Del análisis realizado sobre el patrimonio neto, cuyo importe representa prácticamente la totalidad del pasivo de la Entidad, hemos podido comprobar los resultados acumulados de la Escuela mediante los datos de las cuentas presentadas y publicadas en el portal de transparencia de la página web de la Diputación de Pontevedra. No obstante, la Entidad no nos ha aportado documentación soporte justificativa y acreditativa de los saldos acumulados ni las cuentas anteriores al ejercicio 2009, por lo que no podemos dar validez a dichos saldos. Este hecho afecta a la opinión del informe de auditoría.

Recomendamos a la Entidad que haga un análisis de los movimientos registrados en el patrimonio desde la constitución de la Escuela documentando cada uno de estos movimientos hasta el saldo final a 31 de diciembre de 2022.

#### 4.5 Acreedores y otras cuentas a pagar a corto plazo

	31/12/2021	% sobre activo	31/12/2022	% sobre activo	Variación	% Variación
Hacienda Pública, acreedora por retenciones practicadas	(14.536,08)	2,93%	(17.108,08)	-3,24%	(2.572,00)	17,69%
Organismos de la Seguridad Social, Acreedores	(5.958,32)	1,20%	(1.192,18)	-0,23%	4.766,14	-79,99%
Organismos de la Seguridad Social, Deudores	-	0,00%	2.092,45	0,40%	2.092,45	100,00%
	<b>(20.494,40)</b>	<b>4,13%</b>	<b>(16.207,81)</b>	<b>-3,07%</b>	<b>(1.056,21)</b>	<b>-4,90%</b>

Como podemos ver en la tabla, el epígrafe de acreedores y otras cuentas a pagar a corto plazo del pasivo corriente de la Entidad, se compone de las deudas que mantienen con las administraciones públicas correspondientes a las cartas de pago corrientes del cuarto trimestre de I.R.P.F. y con la liquidación de diciembre de los seguros sociales.

Hemos cotejado ambos saldos con las cartas de pago correspondientes sin detectar incidencias significativas.

#### 4.6 Memoria de la cuenta general del ejercicio 2022

Como parte de nuestro trabajo se ha revisado el contenido de la memoria de la Entidad sin detectar defectos ni incorrecciones en la información suministrada.

#### 4.7 Otras consideraciones

Los Estatutos de la Escuela de Enfermería fueron aprobados inicialmente por el Pleno de la Diputación Provincial de Pontevedra en sesión de fecha 5/02/1979, modificados posteriormente el 14/04/1979.



Como recogen los Estatutos referidos, la Escuela Universitaria se constituye como Fundación Pública de Servicio”, figura regulada en los artículos 85 y siguientes del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, aprobado por el Decreto de 17 de junio de 1955. Con la aprobación de la Ley 7/1985 desaparece la Fundación pública local como forma de personificación para prestación de servicios por las entidades locales.

A la vista del expuesto, resulta necesaria acometer una revisión y adaptación de la normativa reguladora de la Escuela de Enfermería conforme a la legislación aplicable.

En lo que respecta al ámbito competencial estamos ante una competencia clara de la Comunidad Autónoma que supone unos gastos asumidos en exclusividad por esta administración provincial, lo que exige que por esta Diputación se inste al cumplimiento y asunción de las competencias que correspondan la cada administración segundo el régimen de distribución competencial vigente.”

